



CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO

DIAGNÓSTICO

"Non hai causa que mereza máis alta prioridade que a protección e o desenvolvemento do neno, de quen depende a supervivencia, a estabilidade e o progreso de todas as nacións e, de feito, da civilización humana"

Plan de acción do Cume Mundial a favor da Infancia



“Todos os dereitos das e dos nenas/os están recollidos nun tratado internacional que obriga aos gobernos para cumprilos: a Convención sobre os Dereitos do Neno

É o tratado máis ratificado da historia e os 195 Estados que a ratificaron teñen que render contas sobre o seu cumprimento ao Comité dos Dereitos do Neno.

Os 54 artigos que compoñen a Convención recollen os dereitos económicos, sociais, culturais, civís e políticos de todos os nenos.

A súa aplicación é obrigación dos gobernos, pero tamén define as obrigacións e responsabilidades doutros axentes como os pais, profesores, profesionais da saúde, investigadores e os propios nenos e nenas”

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. PARTE DESCRIPTIVA
3. SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E LABORAL DAS FAMILIAS NO CONCELLO
– DESEMPREGO
4. CARACTERÍSTICAS DAS FAMILIAS DO NOSO CONCELLO-DESEMPREGO
5. MAPEO DE RECURSOS
 - i. Programas de atención social
 - ii. transportes
 - iii. Recursos de saúde
 - iv. Ocio e tempo libre
 - v. Instalacións e actividades deportivas
 - vi. Tecido asociativo
6. GOBERNO LOCAL, POLÍTICAS DA INFANCIA
7. DAFO
8. CONCLUSIÓN

1. INTRODUCCIÓN

Dende o concello de Castrelo de Miño pretendemos realizar un diagnóstico da nosa realidade, un diagnóstico no que participan diferentes axentes locais, representantes políticos, servizos sociais municipais, técnicos municipais,... unha rede de traballo fluído e dinámico que axudou ao desenvolvemento deste.

Para poder entender facilmente en que consistirá este, é necesario comprender a nosa situación socio-demográfica xa que Castrelo de Miño, é un conxunto de parroquias, separadas unhas doutras, con dificultades no acceso e que corre risco de illamento social.

Estes aspectos afectan a toda a poboación en xeral pero máis aínda ás/os mais pequenas/os, xa que estes deben de dispoñer de recursos familiares para poder desprazarse a actividades culturais, educativas ou doutra índole.

Como se verá reflectido ao longo deste diagnóstico, somos unha poboación moi pequena, con alta taxa de persoas maiores de 65 anos, e cun estancamento na natalidade bastante notoria.

Actuacións como as de UNICEF, que provoquen interese nos nenos, nenas e adolescentes, as súas familias e nas entidades locais, fan xurdir novas visións das necesidades da infancia, algo moi necesario.

O que desde o concello de Castrelo de Miño pretendemos, e tentar crear espazos de reflexión, de escoita, de apoio e de consideración para as e os nenas e nenos, sendo así capaces, “as persoas maiores”, de poder entender as inquietudes, preocupacións e solucións que as/os nosas e nosos nenas/os teñen da nosa zona, xa que:

“A los mayores les gustan las cifras. Cuando se les habla de un nuevo amigo, jamás preguntan sobre lo esencial del mismo. Nunca se les ocurre preguntar: "¿Qué tono tiene su voz? ¿Qué juegos prefiere? ¿Le gusta coleccionar mariposas?" Pero en cambio preguntan: "¿Qué edad tiene? ¿Cuántos hermanos? ¿Cuánto pesa? ¿Cuánto gana su padre?" Solamente con estos detalles creen conocerle.

"...Si les decimos a las personas mayores: "He visto una casa preciosa de ladrillo rosa, con geranios en las ventanas y palomas en el tejado", jamás llegarán a imaginarse cómo es esa casa. Es preciso decirles: "He visto una casa que vale cien mil pesos". Entonces exclaman entusiasmados: "¡Oh, qué preciosa es!"

De tal manera, si les decimos: "La prueba de que el principito ha existido está en que era un muchachito encantador, que reía y quería un cordero. Querer un cordero es prueba de que se existe", las personas mayores se encogerán de hombros y nos dirán que somos unos niños. Pero si les decimos: "el planeta de donde venía el principito era el asteroide B 612", quedarán convencidas y no se preocuparán de hacer más preguntas. Son así. No hay por qué guardarles rencor.

Los niños deben ser muy indulgentes con las personas mayores. Pero nosotros, que sabemos comprender la vida, nos burlamos tranquilamente de los números. A mí me habría gustado más comenzar esta historia a la manera de los cuentos de hadas. Me habría gustado decir: "Era una vez un principito que habitaba un planeta apenas más grande que él y que tenía necesidad de un amigo..." Para aquellos que comprenden la vida, esto hubiera parecido más real..."

En tal sentido, un diagnóstico comunitario é un proceso de recolección, ordenamento, estudo e análise de datos e información que nos permite coñecer mellor a realidade das comunidades ou dunha parte delas, para dar respostas aos problemas.

Un diagnóstico é unha ferramenta fundamental para poder coñecer e facer unha análise dunha determinada situación e realízase sobre a base de información, datos e feitos recolleitos e ordeados sistematicamente, que permiten xulgar mellor que está a pasar, para así poder actuar na solución de determinados problemas.

Ademais, nos como comunidade, participamos dalgún trazo, interese, elemento, obxectivo ou función común, con conciencia de pertenza, situados nunha determinada área xeográfica na cal a pluralidade de persoas interaccionan máis intensamente entre si que noutro contexto.

2. PARTE DESCRIPTIVA:

O concello de Castelo de Miño está situado ó sur de Galicia e ó noroeste da provincia de Ourense, da que administrativamente forma parte.

Pertence á comarca do Ribeiro, composta polos concellos de A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castelo de Miño, Cenlle Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia.



Cun total de 1380 habitantes, esta poboación repártese nun total de 7 parroquias, cada unha dividida en varios núcleos poboacionais:

- ◆ 1. Parroquia de Astariz: Astariz, Freás e Troncoso
- ◆ 2. Parroquia de Barral: Barral, O Foxo, Noallo de Abaixo, Noallo de Arriba e Paradela.
- ◆ 3. Parroquia de Santa María: A Carixa, As Cortiñas, A Costa, Nogueiredo, O Padreiro, O Pazo, A Ponte, Reigoso, O Toledo e Traveso.
- ◆ 4. Parroquia de Prado de Miño: Prado.
- ◆ 5. Parroquia de Vide de Miño: Vide.
- ◆ 6. Parroquia de Macendo: Albín, A Bouza, AS Bouzas, Casardeita, Convelas, A Ermida, Fondo de Vila, Meizo, Pousada, Ramiras, San Pedro, Señorín, Souto, Tallón, Vilela.
- ◆ 7. Parroquia de San Estevo: A Frieira, Oleiros, Parada, O Pousadoiro, San Esteban e Souto.

As características que fan do Ribeiro unha comarca peculiar nacen do seu medio físico:: as terras, que lle dan a razón de ser están situadas nos vales fluviais, dos ríos Miño e Avia. Pólo que están protexidas das borrascas sudatlánticas e ademais, dada a súa situación meridional en Galicia, o seu ecoclima é de transición oceánico mediterránea. De aí á súa orixinalidade bioxeográfica. Baseándonos na definición e agroecolóxica, clasifícase como de tipo mediterráneo, húmedo, templado.

As temperaturas medias son elevadas (media anual 20,08 grados celsius de máxima e 7,3 grados celsius de mínima), con invernos fríos e veráns moi cálidos (áridos). No que respecta ás precipitación son as máis baixas de Galicia 85 días de chuvia ó año e unha media de 140 mm, cun mínimo moi acusado en verán e un máximo pouco significado en inverno, e precipitacións relativamente pouco importantes nas outras estacións. Por outro lado, néboas e xeadas son frecuentes como consecuencia dun fenómeno de inversión térmica, aspecto de suma importancia en toda a zona vitivinícola.

En canto á vexetación as especies de tipo mediterráneo conviven con outras autóctonas do territorio galego. Entre as primeiras, alcornoques, encinas e madroños. A presenza de Chopo ou Álamo nas ribeiras dos ríos é sinal do carácter mediterráneo. Acompañanlle freixos e bidueiros. As outras especies, son as uces vermellas e brancas e toxos, no monte baixo, e xestas no alto.

Os bosques xenuínos son escasos e están en recesión pola acción do home, como medio de explotación madeireira e proveito para viñedo. Son os bosques de piñeiros moito máis numerosos, aínda que nesta zona a acacia está sendo unha especie invasora florecendo e absorbendo o monte local. Hai algunha carballeira, nas que o carballo se fai forte; e Soutos onde o castiñeiro nos deleita cos seus froitos no meses de outubro-novembro.

Indicadores demográficos

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Poboación total	1.349	683	666	2019	INE
de 0 a 15 anos	67	33	34	2019	INE
de 16 a 64 anos	670	369	301	2019	INE
de 65 e máis anos	612	281	331	2019	INE
Poboación estranxeira	35	20	15	2019	INE
Idade media	59,45	56,78	62,17	2019	IGE

Como se pode observar nesta táboa o Concello de Castrelo de Miño ten unha idade media moi alta e dunha poboación moi envellecida, seguindo a tónica de toda a provincia de Ourense. O decrecemento poboacional afecta moito máis significativamente nos núcleos máis afastados do centro administrativo do Concello, o mesmo da estrada OU-402, que cruza o concello pola marxe esquerda do río Miño; como é o caso da parroquia de Macendo.

Movemento natural da poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Nacementos	3	0	3	2018	IGE-INE
Defuncións	30	11	19	2018	IGE-INE
Matrimonios	3			2018	IGE-INE
Saldo vexetativo	-27			2018	IGE-INE

Ter un crecemento vexetativo negativo implica que morre máis xente da que nace, que se pode traducir nunha elevada migración poboacional cara a núcleos urbanos con máis saídas laborais, ó mesmo tempo que este fenómeno pode dar explicación ó descenso poboacional. Este movemento migratorio, non é un fenómeno illado do Concello de Castrelo de Miño, se non a tónica de toda a provincia de Ourense, os movementos de mobilidade de poboación se caracterizan por un desprazamento cara núcleos urbanos onde se localizan, e son mais accesibles os servizos, como colexios, supermercados, bancos, centros de saúde ...

Con referencia ó menores de idade a seguinte gráfica

Poboación de 0 a 17 anos	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
0 a 4 anos	19	6	13	2020	IGE-INE
5 a 9 anos	20	12	8	2020	IGE-INE
10 a 14 anos	23	9	14	2020	IGE-INE
14 a 17 anos	17	8	9	2020	IGE-INE

Indicador de nenos matriculados no Colexio de Astariz durante o ano natural de 2019, infórmase de que no Colexio están matriculados os nenos e nenas ata os 12 anos, despois desta idade pasan ó IES O Ribeiro para cursar a ESO.

Alumnos matriculados no ensino non universitario en centros sostidos con fondos públicos	Dato	Período	Fonte
Educación infantil	12	2019	CCEOU
Educación primaria	17	2019	CCEOU

As persoas dadas de alta na seguridade social en marzo de 2020, os indicadores no informan dun total de 401 persoas activas, 223 homes e 178 mulleres, empadroados e empadroadas no concello que se encontran dados de alta na seguridade social, como traballadores por conta allea ou por conta propia en calquera dos réximes establecidos pola Institución laboral.

3. SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E LABORAL DAS FAMILIAS DO CONCELLO- DESEMPREGO



A continuación reflíctese a situación actual de desempleo que temos na nosa comarca onde nos atopamos no mes de Julio case un 13% da poboación total que están dados de alta no servizo galego de desemprego.

Evolución del Paro Castrelo de Miño (Ourense)			
Fecha	Tasa de Paro Registrado	Nº de parados registrados	Población
Julio 2020	12,58%	58	1.349
2019	12,17%	56	1.349
2018	15,04%	69	1.380
2017	14,55%	71	1.445
2016	17,76%	89	1.490
2015	18,40%	97	1.556
2014	14,62%	81	1.620
2013	17,37%	100	1.675
2012	17,10%	105	1.754
2011	16,13%	103	1.814
2010	13,61%	90	1.870
2009	11,40%	78	1.928
2008	12,76%	88	1.981
2007	10,71%	64	1.997
2006	11,64%	80	2.008

4. CARACTERÍSTICAS DAS FAMILIAS DO NOSO CONCELLO

Aínda que sorprenda, non dispoñemos dun rexistro oficial, local e/ou municipal que recolla certos datos como condicións de vida familiares: modelos de familia, vivenda, factores étnico-culturais,...

Se é certo, que Castrelo de Miño ofrece unha escasa variedade de ofertas laborais ou accións remuneradas que permitan a estas familias traballar na nosa zona, unha zona principalmente agraria onde o sector do viño ocupa case todo o retorno económico da zona.

O traballo na agraria ou nas diferentes adegas do concello, son o principal remanente económico e a principal fonte de ingresos daquela familias que forxan o seu perfil profesional en Castrelo de Miño.

No relativo aos modelos familiares de Castrelo de Miño, podemos confirmar que unha alta porcentaxe delas establécense en núcleos de convivencia nuclear e extensa, onde non só confórmana os pais e os fillos, senón tamén avoas/vos, tías, tíos,... e demais familiares.

É moi baixo a porcentaxe de familias monoparentais, de pai/nai separados... e do mesmo xeito podemos establecer unha porcentaxe dun 4 por cento no relativo a familias de etnia xitana residentes na nosa zona.

Dadas as características do terreo, o costume da zona e as necesidades do mesmo, a gran maioría das veciñas e os veciños, viven en casas unifamiliares, as cales posúen un terreo que é usado nunha alta porcentaxe de casos para consumo familiar de hortalizas ou outros alimentos.

O concello de Castrelo de Miño ofrece escolarización para menores de 12 anos, os cales deben de trasladarse a Ribadavia, ao IES Tomas de Lemos, a continuar os seus estudos chegada a esta idade.

Todas e todos as nenas e nenos están escolarizados, pero non temos cifras oficiais relativas ao acoso escolar e/ou fracaso escolar. Somos coñecedores dalgún caso puntual, quizais polo baixo número de menores que posúe a nosa zona non son datos relevantes ou rechamantes.

Outro dos aspectos para destacar, é que aqueles menores que presentan algún tipo de diversidade funcional, enfermidade grave ou outra característica que necesite dunha educación especializada e centrada nas súas necesidades, as/os seus titores legais optan por escolarizalos na cidade de Ourense, por ter unha maior dispoñibilidade de recursos que as e os axudan a mellorar a calidade de vida dos menores e das súas familias, xa que no concello non contamos con este tipo de recursos que contribúan e ou apoiem á superación deste tipo de características individualizadas.

Atopamos unha porcentaxe moi baixa de casos de maltrato, sendo estes excepcionais na nosa comarca. Con todo, atopamos familias con baixos recursos

económicos que alzan os niveis de pobreza infantil e familiar a unha porcentaxe rechamante para o numero de habitantes empadroados en Castrelo de Miño. Estas situacións provocan que moitas delas necesiten axudas como a RISGA para poder sustentar o núcleo familiar, ou a axuda de ingreso mínimo vital.

5. MAPEO DE RECURSOS.

A poboación destinataria desta diagnose son os menores e adolescentes, do concello de Castrelo de Miño, para elo faremos unha análise dos recursos dos que o concello dispón. Dado o envellecemento da poboación, a maior parte dos recursos están enfocados cara á poboación maior, con problemas de mobilidade, ou cara os máis desfavorecidos. Os cales son, os beneficiarios directos, uns beneficios que se reflicten na calidade de vida do Concello, posto que entendemos que unha atención tanto dos nosos maiores coma do entorno, e da poboación en xeral fan que a atención ós menores sexa moito máis activa, orientada e efectiva. Favorecendo unha relación interxeneracional baseada no respecto polos nosos maiores e polo entorno.

Programas de atención social

- ◆ Información, Valoración, Asesoramento, Orientación e Derivación.
- ◆ Servizo de Axuda no Fogar, a través da modalidade de Dependencia e a través de Libre Concorrenca.
- ◆ Dúas Casas do Maior, con capacidade para 5 persoas valoradas de dependencia con Grao I ou II, ou sen Grao.
- ◆ Vivenda Comunitaria, para persoas con certa autonomía con capacidade para 12 persoas con Grao de valoración de dependencia I, ou sen Grao.
- ◆ Servizo de Orientación Laboral, en conxunto co Concello de Ribadavia.
- ◆ Programa de Educación Familiar

- ◆ Programa de Inclusión Social, incluíndo aquí o servizo de Plan de Inclusión do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- ◆ Banco de Alimentos
- ◆ Conmemoración do día da muller o 8 de marzo
- ◆ Conmemoración do día Internacional Contra a Violencia de Xénero o 25 de novembro.

Transportes

- ◆ Castrelo Móvese, permite a posibilidade de que os cidadáns e cidadás se poidan desprazar dentro do propio Concello.
- ◆ Autobús escolar, do que os usuarios poden facer uso para desprazarse ata Ribadavia, poboación capital da comarca do Ribeiro, con servizos.
- ◆ Autobús público unha vez ó día, tanto para ir ata Ourense coma para voltar, só polas mañás.
- ◆ Servizo de taxis, existen dúas prazas de taxi no Concello.

Recursos de Saúde

- ◆ Un centro de Saúde, con atención a partir de 15 anos. Con dous médicos e unha enfermeira. O pediatra encóntrase no centro de saúde de Ribadavia onde se fan todos os controis e seguimentos de saúde dos menores.
- ◆ Dúas farmacias, unha en Cortiñas e outra en Astariz.
- ◆ Servizo de 065, para usuarios con valoración de dependencia que precisen transporte adaptado e programado.

Ocio e Tempo de Lecer

- ◆ Castrelo Concilia: campamentos de verán e de nadal para os nenos e nenas, en tempo de vacacións.
- ◆ Cinema ó aire libre
- ◆ Consello de participación infantil e adolescencia.
- ◆ Pazolandia, todo os nadais se habilita un transporte para que os nenos e nenas se despracen ata Ourense e pasar un día en Pazolandia.
- ◆ Actividades deportivas extraescolares
- ◆ Actividades de introdución á informática da aula CEMIT.
- ◆ Aula Info, aula de informática, punto de acceso público a internet, con ordenadores.
- ◆ Festival Ribeiro Blues
- ◆ Festas patronais en todos o núcleos poboacionais, pero a máis destacada é a virxe das Neves celebrada o 5 de agosto, (festivo local) cadrando así coa festa da anguía.
- ◆ Turcastrelo, aula de usos múltiples, dende reunións ata exposicións ou talleres.
- ◆ Aula do Albergue, aula de usos múltiples.

Instalacións e actividades deportivas

O Pavillón municipal de Castrelo de Miño, sito nas inmediacións do Colexio de Castrelo de Miño (Astariz) permanece aberto de luns a venres de 18:00 a 20:00 horas. Dentro dos servizo do pavillón atópanse actividades como Zumba, loga, Ximnasia de mantemento, Sala de Fitness, bodytonic, Clase de Core, clases de defensa persoal....

Pero non só se realizan actividades deportivas se non tamén se emprega coma espazo multiusos no que se celebran festas e conmemoracións, coma o fin de ano ou o magosto, ou incluso algún evento musical.

Parque Náutico, o elemento máis destacado en todo o concello é a pista olímpica de remo, unha pista de 2000 metros que permite albergar competicións de primeiro nivel e da que só existen dúas máis das súas características en toda España. No encoro de Castrelo de Miño tamén se onde practicar o piragüismo, a pesca deportiva, a vela, windsurf ou padelsurf.

A pé de pista existe un edificio multiusos que conta cun albergue de 60 prazas, un restaurante, unha cafetería, sala de prensa con vista directa á pista de remo, aparcamento para 100 vehículos. Preto están as naves para gardar embarcacións e o taller para reparalas.

Completan as instalacións deportivas a piscina municipal, pistas polideportivas e unha serie de espazos abertos e pechados multiusos

Tecido Asociativo

NOME	ENDEREZO
Asociación cultural de Festas de San Estevo de Castrelo de Miño	San Estevo
Asociación Gallega de Actividades Náuticas (AGAN)	Cortiñas
Asociación Cultural de veciños e veciñas de Ramirás	Ramiras
Asociación de veciños San Salvador de Vide	Vide
Club Náutico de Castrelo de Miño	Barral
Non-stop Training Club	Prado
Asociación de veciños Penedo da Forca	Prado
Asociación de Mujeres Rurales de	Astariz

Castrelo de Miño	
Asociación de Mujeres Rurales de Santa María de Macendo	Macendo
Asociación Cultural Miñonia	Astariz
Asociación Cultural Aldea Vella	Astariz
Asociación Castro de Santa Lucía de Freás	Freás

6. GOBERNO LOCAL, POLÍTICAS DA INFANCIA

O goberno local de Castrelo de Miño está moi concienciado e implicado coas necesidades e demandas de nosas e o noso nenas, nenos e adolescentes, para iso comprometeuse en facer todo o posible para que estes teñan participación nas cuestións que sexan do seu interese.

Nun concello tan pequeno como o noso, e a pesar de que se hai un concelleiro/a responsable de infancia, todos os membros do mesmo tentamos colaborar e contribuír en todo o que podemos.

Para iso contamos con dúas traballadoras sociais que se encargan da área dos servizos sociais. Elas son quizais, as que detectan nun primeiro momento a necesidade ou as cales recollen as demandas deste sector da poboación.

Doutra banda, a técnica de subvencións, a cal tamén forma parte da mesa de coordinación, está implicada coas e os nenas, nenos e adolescentes xa que parte dos programas sociais que desenvolvemos son subvencionados e ela ten contacto directo coas/os mesmas/os.

Estes axentes, xunto cos concelleiros encargados de infancia, educación, cultura e demais, son os principais axentes de coordinación e contacto con istes. Téntanse crear espazos de encontro entre a maioría dos axentes locais de Castrelo

de **Miño**, xa que nesta nova visión que pretendemos dar ao noso traballo, cremos primordial coñecer cuantos mais aspectos, opinións e opcións das que podemos mellorar a nosa situación cos membros/as do comité infantil.

Por elo e para iso desenvólvense:

- ◆ Programas de orientación, asesoramento e/ou acompañamento con adolescentes de orixe estranxeira
- ◆ Asistencia **psicosocial**
- ◆ **P**rogramas para promover competencias emocionais, educativas e **parentales**
- ◆ Programas de inclusión e fomento da cohesión social para nenas e nenos con discapacidade
- ◆ Programas de inclusión e fomento da cohesión social en sistema de protección
- ◆ Programas educativos para a prevención da violencia de xénero e violencia contra a infancia

7. DAFO

Tocounos vivir unha situación excepcional, unha situación que custou moito entender e na cal temos que **reeducarnos**.

A actual pandemia e crise sanitaria provocada pola COVID-19 e os cambios socio económicos que estes trouxeron e traerán con siglo son aspectos **importantísimos** a ter en conta no noso futuro mais próximo.

Volvemos nestes momentos a soportar unha crecente crise económica que fará que se xeren moitos cambios tanto no noso estilo de vida como na nosa contorna social, familiar e laboral.

Por iso, é, desde o noso punto de vista, e moi importante ter en conta, agora mais que nunca a opción daqueles que serán os encargados de evitar que isto volva superarnos.

Se a isto sumámoslle as dificultades xa engadidas como o paro, o envellecemento da poboación, o incremento de familias con risco de sufrir exclusión social e outros aspectos especialmente relevantes na nosa contorna, temos un “gran caixón de xastre” que xera grandes necesidades e demandas por parte do noso contexto mais próximo que é o que nun primeiro momento incúmbenos.

Por todo isto, para detectar as necesidades e problemas que afectan á infancia, recursos que poden contribuír ao benestar de nosas e nosos nenas/vos, utilizaremos unha metodoloxía DAFO.

E como o faremos? A través de grupos de intercambio e debate. Para poder realizar isto, sacar conclusións e trasladar aos axentes locais as necesidades que se detectan, faise un mapa de recursos e fanse entrevistas cos verdadeiros protagonistas, as e os nenas e nenos, a administración, as/os técnicas/os, as familias,... co fin de obter información para o diagnóstico.

Un exemplo diso foi a primeira reunión coa presidenta do CAI que tivemos neste novo proceso no que estamos inmersos, onde falamos de todos estes aspectos.

Ela foi a encargada de trasladar á corporación local estas inquietudes, necesidades e sobre todo a incerteza dos membros do CAI no relativo ao funcionamento futuro.

Non só por, no noso caso, o cambio de corporación política, senon a prol da actual situación sanitaria, tema que preocupa a estes dunha maneira un tanto rechamante.

O estudo e investigación social e o coñecemento da realidade debe ser un proceso continuo durante toda a evolución do proceso de desenvolvemento do traballo comunitario. Por iso debe de ser tamén continuada a avaliación do proxecto.

Non podemos esquecer que o uso de orzamento público implica unha responsabilidade e unha obrigaón de render contas do traballo realizado. Pero máis importante é aínda se cabe ir corrixindo os erros dos que imos sendo conscientes.

Traballamos estreitamente cos servizos sociais do concello, é máis, son plenos partícipes na elaboración do plan, e destes obtemos parte dos datos que achegamos no devandito documento.

Detectamos a necesidade de traballar en aspectos actuais como a pandemia provocada pola COVID-19, pero tamén temas como a educación sexual (prevención de embarazos non planificados, ETS, barreiras de transmisión de enfermidades sexuais,...), non só para elas e eles, senón tamén para as súas nais, pais e/ou titores legais, xa que seguen sendo temas tabús ou conversacións que non se desenvolven coa normalidade que iso conleva. É tamén un tema recorrente o lecer e o tempo libre, xa que, Castrelo de Miño non dispón dunha gran oferta cultural para infancia e mocidade polo que, reclámanse téñase en conta os intereses das e dos mais pequenas/os.

Queremos continuar coa premisa principal que nos levou xa hai anos a realizar o antigo Plan de Infancia do concello de Castrelo de Miño, e é que a nosa proposta de intervención estará bota desde tres niveles: **para a comunidade, na comunidade e coa comunidade.**

Todo o traballo que realizamos, non só para a renovación do noso selo de cidades amigas da infancia, senón tamén en conservar o grupo de mozas e mozos que participan da vida local, é para dar resposta ás necesidades que os

“maiores” quizais non sempre detectamos e que son tan importantes como os demais asuntos que día a día nos incumben.

8 . CONCLUSIÓNS

Vendo as necesidades detectadas nesta primeira toma de contacto toca desenvolver os obxectivos que levarán ao equipo de traballo a ter como metas a alcanzar.

- Reflexionar sobre a opinión das e os mais pequenas e pequenos no relativo aos seus intereses

- escoitar as demandas **relativas** a ocupación do tempo libre

- Crear puntos de encontro para **desenrolar** temas de **interese** como o afectivo sexual

- Crear estratexias persoais e colectivas de resolución de conflitos.

- **Reeducar** en hixiene e saúde para previr **contaxios** ou situacións de risco relativas á Covid-19

- Incrementar os recursos do concello no referente a familia e mocidade

- Consolidar un cronograma anual de reunións cos membros do CAI

- **Feedback**

- Implicar a mais axentes locais para desenvolver iniciativas dirixidas á mocidade

- Crear mais espazos de reflexión coa corporación política que estea no momento.